

BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS MUNICIPAIS A FAMILIAS CON FILLOS E FILLAS EN ENSINO OBRIGATORIO (expediente 26298/332).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Constitución española de 1978 recolle, dentro dos principios reitores da política social e económica, o deber dos poderes públicos de asegurar a protección social, económica e xurídica da familia.

O artigo 25.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local prevé que os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

No momento actual atopámonos nunha situación de crise económica provocada polas consecuencias da guerra de Ucraína e os altos niveis de inflación que está empobrecendo ás familias. O incremento nos últimos meses do gasto das unidades familiares con menores a cargo, derivado da inflación, debilita a capacidade de facer fronte a desembolsos extraordinarios inherentes aos seus fillos, como é o caso dos gastos necesarios para afrontar o curso escolar do alumnado integrado nos distintos niveis de ensinanza obrigatoria e especial (material educativo, roupa e material deportivo, equipamentos informáticos e de comunicación, libros, actividades extraescolares...)

O Índice de Prezos ao Consumo publicado polo INE alcanzou en xullo de 2022 un 10,8% interanual, o nivel máis elevado en décadas. Tendo en conta que a renda media por unidade familiar en Vigo, para o último ano dispoñible nas estatísticas territorializadas de renda do INE (2019), foi de 33.720 € anuais, o impacto medio bruto da inflación sobre a capacidade de compra de cada familia viguesa pode estimarse nuns 303 euros mensuais.

Este forte impacto no poder de compra afecta de modo desigual á cidadanía. En efecto, as necesidades básicas representan un maior gasto no caso de unidades familiares con persoas maiores, dependentes e/ou menores a cargo. En relación con estes últimos, cabe destacar que, segundo a máis recente Sondaxe de Condicións de Vida do INE, para o ano 2021, as/os menores de 16 anos tiñan un risco 7 puntos superior á media da cidadanía de atoparse en risco de pobreza (28,7% fronte a 21,7%).

Neste contexto socioeconómico, a protección económica das familias debe constituír unha prioridade para os poderes públicos. Existen distintos instrumentos posibles a disposición do Concello para paliar o impacto sobre as familias da subida xeneralizada de prezos. A fórmula dunha axuda fixa por cada alumna/o matriculada/o en centros de ensino obrigatorio ou de educación especial sostidos con fondos públicos no territorio de Vigo, para todas as familias con alumnas/os a cargo, considérase a máis oportuna. O carácter de subvención universal xustifícase en base aos seguintes argumentos:

En primeiro lugar, a acción proposta fundaméntase no principio de protección económica á familia, entendida, a efectos do presente expediente, como unidade de convivencia con alumnas/os a cargo. Téñase en conta que as políticas dirixidas á atención de finalidades de interese xeral teñen habitualmente alcance universal e incondicional, como é o caso da sanidade pública ou da propia educación pública, así como, no que respecta a medidas introducidas como resposta á conxuntura económica descrita, a gratuidade das viaxes en tren de cercanías ou media distancia.

O segundo argumento atende aos principios de economía, eficiencia e eficacia na xestión (artigo 3.1 da Lei 40/2015). En efecto, a adopción de calquera outra condicionalidade significativa que discriminase ás familias con alumnas/os a cargo aos efectos desta axuda, non só a desviaría da

súa finalidade principal, senón que, ademais, os procedementos administrativos necesarios para a comprobación de tales condicións implicarían un custo que resultaría antieconómico.

BASES

PRIMEIRA.- Obxecto e finalidade.

As presentes bases regulan o procedemento para a concesión de axudas ás familias do alumnado de centros docentes públicos e privados concertados, de educación primaria, educación secundaria obrigatoria e de educación especial sitos no termo municipal de Vigo, coa finalidade de paliar os efectos da actual crise económica de xeito que os gastos inherentes ao novo curso escolar lles resulten menos gravosos, tendo en conta o actual contexto socio-económico motivado polos altos niveis de inflación e a alza dos prezos.

SEGUNDA.- Réxime de Concesión.

A concesión destas axudas realizarase en réxime de concorrencia competitiva sen establecer comparación entre as solicitudes e sen fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos nestas bases.

TERCEIRA.- Contía da subvención e aplicación orzamentaria.

A contía das axudas será de 205,00 (douscentos cinco) euros por cada fillo/a escolarizado/a que reúna os requisitos establecidos na base cuarta.

O financiamento da concesión destas axudas farase con cargo á aplicación orzamentaria 3260.480.0002 "Plan extr. axudas familias fillos escolarizados", dotada con 5.200.000,00 euros.

Non se poderán outorgar subvencións por contía superior á que se determina na presente convocatoria. Non entanto, para o suposto de que o crédito sinalado non fose suficiente para atender a todas as solicitudes que cumpran os requisitos esixidos nas presentes bases prevese a posibilidade de tramitar un incremento de crédito nos termos previsto no artigo 31.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG). O incremento do crédito publicarase nos mesmos medios que a convocatoria sen que implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio de novo cómputo de prazo para resolver.

Ao tratarse dun suposto de tramitación anticipada, previsto no artigo 56 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións (RLXS), a concesión das subvencións queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución da concesión.

CUARTA.- Beneficiarios/as.

Poderán beneficiarse destas axudas os pais, nais, titores/as ou representantes legais do alumnado de centros docentes sostidos con fondos públicos sitos no termo municipal de Vigo matriculados en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial.

QUINTA.- Requisitos.

a) Que o alumnado para o que se solicite a axuda estea matriculado nun centro público ou privado concertado en Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria ou Educación Especial situado no termo municipal de Vigo.

b) Que o/a solicitante conviva cos/cás alumnos/as para os/as que se solicite a axuda. A convivencia habitual acreditarase mediante informe dos datos do padrón de habitantes (Para os solicitantes empadroados en Vigo a comprobación realizarase polo Concello de Vigo).

c) Ter presentado a solicitude e a documentación necesaria nos prazos estipulados.

d) Que os titulares das axudas se atopen ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), co Concello de Vigo e coa Seguridade Social, e deben cumprir os requisitos do artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS).

Para a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias referidas establececese o réxime simplificado de conformidade co disposto no artigo 31.7 e) da LSG, e artigo 24.4 do RLXS.

e) Situación de acollemento: acreditarase por resolución xudicial ou administrativa.

f) Situación de tutela: acreditarase por resolución xudicial ou administrativa.

SEXTA.- Obrigas.

Serán obrigas das persoas beneficiarias da subvención, ademais das previstas nestas bases reguladoras e das sinaladas nos artigos 14 da LXS e 11 da LSG, as que seguen:

- Facilitar toda a información que fose requirida polo Concello de Vigo no proceso de xestión e aboamento destas axudas
- Responder da veracidade da información e autenticidade da documentación achegadas.
- Someterse ás actuacións de control, comprobación e inspección que se leven a cabo polo Servizo de Educación a quen corresponderá a comprobación destas subvencións e facilitar a este e a Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas toda a información que reclamen no exercicio das súas funcións de fiscalización e control das subvencións.

SÉTIMA.- Compatibilidade e tratamento fiscal.

A subvención que se outorgue será compatible con outras axudas ou subvencións doutros organismos públicos ou privados para a mesma finalidade.

O tratamento fiscal das axudas previstas nestas bases será o que determine en cada caso a Administración Tributaria competente.

A estes efectos:

- As axudas están destinadas a familias con alumnado de estudos regrados de centros docentes sostidos con fondos públicos de educación primaria, secundaria obrigatoria e educación especial.
- A concesión das axudas axústase aos principios de xeneralidade, non discriminación nas condicións de acceso e publicidade na convocatoria.

OITAVA.- Solicitude e documentación.

O procedemento de concesión das axudas será en réxime de concorrencia competitiva, ao abeiro do disposto no artigo 19.2 da LSG, non sendo necesario fixar unha orde de prelación, nin realizar comparación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos nestas bases, por canto a finalidade é axudar a todas as familias con nenos/as en educación obrigatoria e educación especial, atendendo aos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade, non discriminación, eficacia e eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos.

EDUCACIÓN

CONCELLERÍA
DE
EDUCACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Poderán presentar solicitudes os pais, nais, titores/as ou representantes legais dos alumnos/as matriculados/as en centros docentes públicos e privados concertados, en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial situados no termo municipal de Vigo utilizando o modelo oficial que figura como Anexo.

So se aceptará unha solicitude por unidade de convivencia. No caso de que se presenten máis acumularanse, tramitándose a primeira presentada no Rexistro.

Xunto coa solicitude achegarase a seguinte **documentación**:

- a) DNI, NIE ou pasaporte da persoa solicitante (só para solicitude presencial).
- b) Libro de familia completo ou documentación oficial acreditativa dos membros da unidade familiar, coas súas datas de nacemento.
- c) Volante de empadramento familiar só para os solicitantes non empadroados en Vigo.
- d) Certificado de matrícula do centro escolar acreditativo de que o alumnado para o que se solicita a axuda está matriculado no curso 2022-2023 en Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria ou Educación Especial.
- e) Documento acreditativo do IBAN da conta bancaria da persoa solicitante da axuda.
- f) De ser o caso, outro documento xustificativo da convivencia co menor.
- g) Declaración responsable do cumprimento de obrigas tributarias e coa Seguridade Social de conformidade co artigo 24.4 do RLXS (Esta declaración consta incluída no formulario de solicitude).

NOVENA.- Presentación de solicitudes.

As solicitudes cumprimentaranse mediante o formulario de solicitude de uso obrigatorio para os interesados.

- **Solicitude telemática (vía preferente):** Poderá presentarse a solicitude por medios electrónicos na sede electrónica do Concello de Vigo a través da URL: <https://www.vigo.org/axudas-ensino> (premendo no botón Tramitar por Internet) achegando a documentación esixida nas bases, sendo necesario asinala por calquera dos medios de sinatura admitidos na Sede Electrónica, que se poden consultar no enlace https://sede.vigo.org/expedientes/sede_textos/texto.jsp?id=sede_firma.

- **Solicitude presencial:** Deberá cumprimentarse o formulario de solicitude a través da URL: <https://www.vigo.org/axudas-ensino> (premendo no botón Tramitar presencialmente) e posteriormente presentalo no Rexistro Xeral Municipal do Concello de Vigo xunto coa documentación esixida nas bases.

Así mesmo, os/as interesados/as poderán presentar as súas solicitudes por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).

DÉCIMA.- Prazo para a presentación de solicitudes.

O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente será de **dous meses** contados a partir do día seguinte á data de publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

A presentación da solicitude implicará que se aceptan as bases da convocatoria, cúmprense os requisitos esixidos nela e que son certos os datos indicados na solicitude; así mesmo, as persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Tramitación e subsanación de solicitudes.

De conformidade co regulado no artigo 22 da LSG o procedemento de concesión de axudas tramitarase mediante procedemento abreviado, polo que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente directamente polo órgano instrutor que unicamente deberá comprobar a concorrencia dos requisitos requiridos para conceder a subvención.

A instrución do procedemento de concesión das axudas correspóndelle ao Servizo de Educación, que recibirá as solicitudes e comprobará os requisitos esixibles e a documentación acreditativa e, de ser o caso, requirirá para que no prazo de 10 días hábiles se emende a solicitude ou complete a documentación preceptiva (artigo 68.1 LPACAP), coa advertencia de que, de non facelo así, se lle terá por desistido da súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos do artigo 21 da LPACAP. A notificación do requirimento realizarase aos interesados mediante publicación na páxina web do Concello de Vigo www.vigo.org, no portal de transparencia e no Taboleiro de Edictos, surtindo aquela os efectos da notificación nos termos do disposto no artigo 45.1.b) da LPACAP.

DÉCIMO SEGUNDA.- Concesión das axudas.

1. A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para resolver sobre a concesión ou denegación das axudas.

2. O prazo para resolver será, como máximo, de nove meses dende a data de remate da presentación de solicitudes no Rexistro Xeral do Concello.

Transcorrido o devandito prazo de nove meses sen que a Xunta de Goberno Local dite resolución expresa, entenderase que é desestimada a petición da axuda.

3. A resolución do procedemento será obxecto de publicación na páxina web do Concello de Vigo www.vigo.org, no portal de transparencia e no Taboleiro de Edictos, surtindo aquela os efectos da notificación nos termos do disposto no artigo 45.1.b) da LPACAP.

DÉCIMO TERCEIRA. Reclamacións

Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano que as ditou no prazo dun mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses. Os prazos contarase a partir do día seguinte ó das respectivas publicacións oficiais.

DÉCIMO CUARTA. Aceptación da subvención e obrigas das persoas beneficiarias.

A subvención entenderase aceptada se dentro do prazo de 10 días da súa publicación consonte co artigo 45.1.b) da LPACAP, as beneficiarias non manifestan nada en contra.

DÉCIMO QUINTA. Aboamento das axudas.

Unha vez resolta a convocatoria mediante acordo da Xunta de Goberno Local aboaranse as axudas mediante transferencia bancaria á conta da persoa solicitante da axuda.

DÉCIMO SEXTA.- Comisión de seguimento.

A Comisión de Seguimento quedará integrada polo concelleiro delegado do Servizo de Educación, que actuará como presidente, a xefa do Servizo de Educación, a xefa do Servizo de Fiscalización e

o técnico medio de actividades culturais e educativas do Servizo de Educación, e será competente para resolver as dúbidas na interpretación das presentes bases .

O concelleiro delegado da área resolverá o nomeamento dos titulares e suplentes da referida comisión.

DÉCIMO SÉTIMA.- Infraccións e sancións.

Canto ás infraccións e sancións en que poidan incurrir os beneficiarios destas axudas e o procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento nos seus preceptos básicos, ou no seu caso, o Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o previsto nas Leis 39 e 40, do 1 de outubro de 2015, e Título XI da Lei 7/1985, do 2 de abril.

DÉCIMO OITAVA.- Publicidade.

1. Publicidade da convocatoria e das bases reguladoras da concesión das axudas.

As presentes Bases reguladoras e a convocatoria publicaranse conforme ao establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da LXS, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Publicaranse, unha vez aprobadas:

- As Bases reguladoras no BOPPO, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).
- A Convocatoria na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

A publicación do extracto enviado á BDNS no Boletín Oficial da Provincia determinará o inicio do prazo para a presentación de solicitudes, conforme ao art. 14.1 da LSG.

Estas bases reguladoras e os seus modelos normalizados para a presentación de solicitudes facilitaranse na páxina web www.vigo.org.

2. Publicidade das subvencións concedidas.

Todas as axudas que se concedan serán publicadas na páxina web www.vigo.org, no Taboleiro de Editos e no portal de transparencia do Concello de Vigo, surtindo esta publicación os efectos da notificación nos termos do disposto no artigo 45.1.b) da LPACAP.

As subvencións concedidas remitiranse á BDNS para a súa publicación con indicación da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención.

DÉCIMO NOVENA.- Tratamento de datos de carácter persoal.

Os datos persoais facilitados nos formularios son indispensables para a xestión da convocatoria e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, a práctica das publicacións, e notificacións de obrigado cumprimento, e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvencións, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos e garantía dos

EDUCACIÓN

**CONCELLERÍA
DE
EDUCACIÓN**

**CONCELLO
DE VIGO**



dereitos dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPd do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén serán obxecto das obrigas de publicación e poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas e beneficiarias poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org.

VIXÉSIMA.- Normativa de aplicación.

Esta convocatoria rexerese polas súas Bases, pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do orzamento do Concello de Vigo; as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Vigo, na data da sinatura dixital.

A xefa do Servizo de Educación, María José Loureiro Bada

Conforme: o concelleiro delegado da Área de Educación, Gorka Gómez Díaz

Conforme: o concelleiro delegado da Área de Orzamentos e Facenda, Jaime Aneiros Pereira